

obter certificado de participación, e de 0,500 puntos no caso de obter certificado de aproveitamento.

6. Dereitos e deberes do alumnado participante.

Durante o desenvolvemento da actividade ao alumnado seralle de aplicación, en canto aos dereitos e deberes, o previsto no Regulamento de réxime interior da Agasp, aprobado por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 4 de febreiro de 2009 (DOG nº 30, do 12 de febreiro).

7. Modificacións e incidencias.

A Academia Galega de Seguridade Pública podería modificar o desenvolvemento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 28 de xaneiro de 2010.

José Carlos García Bouzas
Director xeral da Academia Galega
de Seguridade Pública

Corrección de erros.-Resolución do 28 de xaneiro de 2010 pola que se convoca un curso sobre xuízos rápidos.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 22, do pasado mércores 3 de febreiro de 2010, baixo a epígrafe da CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, cómpre facer a oportuna corrección no sentido de situala baixo a epígrafe correspondente a ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de erros.-Resolución do 27 de xaneiro de 2010 pola que se convocan tres cursos para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia.

Advertido un erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 22, do mércores, 3 de febreiro de 2010, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 1.341, columna esquerda, terceira liña, onde di: «3º curso: do 19 de setembro ao 3 de decembro», debe dicir: «3º curso: do 9 de setembro ao 3 de decembro».

Resolución do 2 de febreiro de 2010 pola que se convoca a Xornada sobre estrutura e contido da memoria da análise do impacto normativo para a defensa da competencia.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2010 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, a Xornada sobre estrutura e contido da memoria da análise do impacto normativo para a defensa da competencia, conforme ás seguintes bases:

1. Obxectivos.

A competencia é un proceso básico para o desenvolvemento económico de calquera sociedade, xa que contribúe a incrementar a eficiencia do sistema produtivo. Esta eficiencia trasládase aos consumidores en forma de menores prezos ou aumento da cantidade, calidade e variedade dos produtos.

O labor de promoción da competencia fai referencia a todas aquelas actuacións orientadas ao fomento dunha contorna competitiva mediante o recurso a mecanismos non coactivos.

Unha alternativa relevante da política de promoción da competencia é o control dos proxectos normativos, xa que en ocasións sucede que é a propia actuación dos poderes públicos a que introduce distorsións na competencia nos mercados. A partir desta idea estanse a establecer sistemas de avaliación dos proxectos normativos inspirados nos criterios e procedementos propostos pola OCDE.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

-Promoción da competencia e administracións públicas.

-Regulación e competencia. Experiencia de Andalucía.

3. Destinatarios.

Persoal directivo e técnico (funcionarios ou laborais) dos diversos departamentos e organismos da Xunta de Galicia relacionados coa elaboración e tramitación de disposicións de carácter xeral, así como letrados da Xunta de Galicia vinculados ao dito proceso. Profesionais do dereito administrativo. Interesados en xeral no tema da defensa da competencia.

4. Desenvolvemento.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Data: 19 de febreiro de 2010.

Duración: dúas (2) horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes.

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública (polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, CP 15707, Santiago de Compostela), segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e serán presentadas no Rexistro Xeral da EGAP, ou ben de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Serán admitidas inscricións por medio de fax enviado ao número 981 54 63 30 ou por correo electrónico dirixido ao enderezo novas.egap@xunta.es

-Inscricións fóra de prazo: só serán admitidas, de quedar prazas libres, coa condición de que cumpran os requisitos xerais antes indicados.

As persoas solicitantes poderán obter a confirmación da súa admisión se chaman por teléfono, das 8.30 ás 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 41/881 99 70 14.

7. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o mércores 17 de febreiro de 2010.

8. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia.

Será entregado un certificado de asistencia, ao final da xornada, a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente, e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa a natureza da actividade e a data de realización.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración Pública

Folla de inscrición

1. SOLICITANTE	
Apelidos	DNI
Nome	
2. DATOS PROFESIONAIS	
Posto de traballo/ Profesión	Nivel (2)
Corpo, subgrupo ou escala (1)	
Entidade en que presta servizos: (3)	
Enderezo do posto de traballo: rúa	Nº
	Localidade
	Provincia
	CP
	Tfno.
Correo electrónico:	

3. ACTIVIDADE SOLICITADA
Solicita asistir á Xornada sobre estrutura e contido da memoria da análise do impacto normativo para a defensa da competencia que terá lugar o 19 de febreiro de 2010 na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa de Madrid, 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela
Sinatura,
..... de..... de..... de 2010.
Os datos de carácter persoal contidos no impreso poderán ser incluídos nun fichero para o seu tratamento por este órgano administrativo, como titular responsable deste, no uso das funcións propias que teñen atribuídas e no ámbito das súas competencias. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo isto de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14-12-1999).
(1, 2 e 3): cubrir só en caso de ser funcionario ou funcionaria.